

MEMORIA ANUAL

2023

**Comité de Ética en Intervención Social
Consortio As Mariñas**



Limiar

01 | Introducción

02 | Mensaxe do comité

03 | Principios éticos

04 | Composición interna

05 | Propostas de actuación 2023

06 | Actividades do comité

07 | Actividades pendentes 2024

08 | Grupos de traballo

09 | Presenza na web

10 | Encontro Servizos Sociais

11 | Conclusións

1_ Introducción

O Comité de Ética en Intervención Social “CEIS As Mariñas” é un órgano colexiado consultivo, interdisciplinar e independente que ten como finalidade asesorar sobre os problemas éticos da intervención social, promover unha cultura ética e mellorar a calidade da intervención social e o benestar das persoas usuarias dos servizos sociais.

Esta iniciativa xorde da inquietude das profesionais dos servizos sociais dos municipios que forman parte do Consorcio das Mariñas (Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada) por consolidar e promover a dimensión ética da intervención social e buscar apoio para chegar á mellor solución en determinadas situacións de conflito. De aí a orixe dun plan de formación (2017-2018), cuxo obxectivo era dotar a estas profesionais de habilidades e coñecementos éticos básicos e facilitar a creación dun comité de ética na intervención social no ámbito do Consorcio.

Ademais, o plan pretendía mellorar a calidade da intervención e os procesos de toma de decisións profesionais e contribuír a implantar unha cultura ética no Consorcio e na sociedade. Este Comité ten a súa base normativa na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e contribúe á consecución dos obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais (artigo 3), ao goce dos dereitos dos usuarios (artigo 6) e a mellora continua da calidade do sistema (artigos 49, 50 e 51).

CEIS As Mariñas está ao servizo dos e das profesionais, centros, servizos, asociacións, fundacións, institucións, persoas usuarias, familias e/ou representantes e demais axentes implicados na intervención social. O ámbito territorial de actuación do CEIS corresponde á área de servizos sociais dos municipios que integran o Consorcio As Mariñas.




O ano 2023 estivo marcado por cambios importantes no normal desenvolvemento do funcionamento estrutural do Comité. Por unha banda, no mes de maio celebráronse as eleccións locais; este feito provocou unha diminución da actividade burocrática do Comité, que dependía do nomeamento das novas persoas responsables políticas do Consorcio para poder deseñar actividades, aprobar o custe das mesmas etc. Xa que tal e como establece o artigo 4 do Desenvolvemento normativo do funcionamento interno do CEIS As Mariñas: O CEIS adscríbese organicamente ao Consorcio As Mariñas a través do Plan Coordinador de Servizos Sociais. Correspóndelle a esta entidade darlle o soporte técnico e administrativo necesario para o seu correcto funcionamento.

Outro cambio importante do Comité no ano 2023 foi a primeira renovación das súas compoñentes e dos cargos das mesmos, dando cumprimento ao establecido na normativa que regula o Comité.

O ano 2024 debe ser un ano fundamental, que dea un novo pulo a este órgano, para espallar a cultura da ética nos servizos sociais do Consorcio As Mariñas.



2_Mensaxe do comité



A ética nos Servizos sociais desempeña un papel crucial na protección dos valores fundamentais relacionados coa vida, así como na orientación de decisións e políticas que afectan a individuos e comunidades. É esencial para garantir que as intervencións e accións realizadas neste campo se realicen de maneira xusta, respectuosa e beneficiosa para todas as persoas ás que se serve.

É o noso deber como profesionais da intervención social incorporar a perspectiva ética no desenvolvemento da nosa profesión. O Comité de Ética en Intervención Social do Consorcio As Mariñas é a estada que posibilita o uso da bioética como marco ético sólido que guíe a prestación de servizos e a toma de decisións na atención social, asegurando que se respecten os dereitos e a dignidade das persoas usuarias e que se promova o benestar xeral da comunidade.

***A importancia da ética radica
na nosa capacidade como
profesionais para promover un
enfoque reflexivo en todos os
procesos de intervención
social.***



3_ Principios éticos

Estes principios éticos proporcionan un marco sólido para guiar a práctica ética en intervención social, asegurando que se respecten os dereitos e a dignidade das persoas mentres se traballa para mellorar o seu benestar e promover a xustiza social.

01 | Respecto á dignidade e autonomía

Os profesionais deben respectar a dignidade das persoas ás que prestan servizos, recoñecendo a súa autonomía e capacidade para tomar decisións sobre as súas propias vidas.

02 | Xustiza social

A intervención social debe promover a igualdade de oportunidades e a equidade, abordando as desigualdades estruturais e promovendo o acceso a recursos e servizos para todos.

03 | Confidencialidade

As profesionais da intervención social deben protexer a privacidade e confidencialidade da información das persoas usuarias, só compartíndoa cando sexa necesario e permitido por lei, e sempre co consentimento informado da persoa afectada.

04 | Empoderamento

Búscase fortalecer ás persoas e comunidades, promovendo a súa participación activa na toma de decisións que afectan as súas vidas e facilitando o acceso a recursos e habilidades necesarios para mellorar o seu benestar.

05 | Cultura e diversidade

Os e as profesionais deben recoñecer e respectar as diferenzas culturais, étnicas, relixiosas, de xénero e outras, e traballar de maneira sensible e competente dentro de diversos contextos culturais.

06 | Competencia profesional

As profesionais da intervención deben manter altos estándares de competencia profesional, actualizando constantemente os seus coñecementos e habilidades para proporcionar servizos eficaces e éticos.

07 | Responsabilidade e rendición de contas

Os e as profesionais son responsables das súas accións e decisións, e deben estar dispostos a render contas por elas ante as persoas usuarias, empregadores e a sociedade en xeral.

08 | Evitar o prexuízo

As profesionais da intervención deben evitar causar dano aos individuos ou comunidades coas que traballan, priorizando o seu benestar e seguridade en todas as intervencións.

4_COMPOSICIÓN INTERNA

No ano 2022 levouse a cabo a renovación do Comité, proceso que rematou o 24/11/2022, coa Resolución do presidente do Consorcio 379/2022 de aceptación de baixas, novos nomeamentos e nova composición do Comité, quedando pendente a nova elección de cargos.

Na primeira sesión ordinaria do Comité, celebrada o **24 de febreiro de 2023**, renováronse os cargos e o pleno do Comité pasou a ser o seguinte:

Cargo	Nome
Presidenta	Serezabel Rodríguez Rico
Apoio á presidencia	Lorena González Corral
Secretaria	Marta Castaño Neira
Apoio á secretaría	Mónica Mourín López
Vogais	María Xesús Abeal Abeledo Virginia Alonso Paz María Álvarez Franco Isabel Amigo Carrillo Ana Bruquetas Santos María José Cagiao Vila Ana Cobas García M ^a Teresa Etchevers Lemus Victoria Fernández Gamboa Romina Galán Iglesias Mercedes García Prego Teresa Guerra Fernández Teresa Molaes Cabana Marta Piñeiro Arca María Guadalupe Pombo Carril Ana Paula Suárez Villaverde M ^a Luisa Vázquez Vázquez

No ano 2023 celebráronse cinco reunións ordinarias, nas seguintes datas:

- 24/02/2023
- 21/04/2023
- 09/06/2023
- 22/09/2023
- 17/11/2023

Celebráronse dúas reunións extraordinarias, co obxectivo de poñer en práctica o entrenamento do método deliberativo. Estas reunións estiveron lideradas polas compoñentes do Grupo de adestramento do método deliberativo.

A media de duración das reunións foi de dúas horas e cuarto. As primeiras algo mais longas, pero despois fóronse axustando ás dúas horas de duración previstas.

En relación á asistencia, a media de participación foi do 75,24%, o que se corresponde cunha asistencia media de 15,8 persoas, do total das 21 persoas integrantes do comité.

Con respecto ao ano 2022 hai que destacar que subiu a participación nos plenos do Comité. Neste aspecto é posible que o factor influínte fose a renovación dos seus membros. Aínda así sería preciso mellorar un aspecto na asistencia, que é o de aquelas persoas que non acoden a unha reunión e non o xustifican, xa que é unha obriga establecida na normativa que regula o Comité.



75,24%

Taxa media de asistencias

5_ PROPOSTAS DE ACTUACIÓN 2023

Na segunda sesión ordinaria do Comité establecéronse as seguintes propostas de actuación para o ano 2023:

01 | Acción xenérica

Presentación da Memoria 2022 ao presidente do Consorcio As Mariñas e ás responsables política e técnica do Plan Coordinador. Realizada este presentación, a memoria farase pública a través da páxina web do Consorcio.

02 | Acción xenérica

Acollida das novas incorporacións ao CEIS. Renovación de cargos das persoas que compoñen o CEIS As Mariñas.

03 | Acción xenérica

Presentación do CEIS As Mariñas aos Servizos sociais comunitarios do Concello da Coruña.

04 | Acción xenérica

Deliberación sobre as consultas que se reciban no Comité e emisión de informes cando proceda.

05| Acción xenérica

Divulgación da existencia do Comité en colaboración co gabinete de prensa do Consorcio As Mariñas. Á par exploraranse vías para facer accesible a presentación de consultas a este Comité.

06| Acción xenérica

Creación, mantemento e/ou supresión de grupos de traballo en función das necesidades detectadas.

07| Acción xenérica

Realización de accións formativas dirixidas ás persoas do Comité e aos/ ás profesionais dos Servizos sociais comunitarios do territorio do Consorcio.

08| Acción xenérica

Participación e/ou organización de distintas xornadas e seminarios nos que dar a coñecer a existencia do CEIS As Mariñas e desenvolver a cultura bioética na intervención social.

01| Acción formativa concreta

Bioética da diversidade funcional e toma de decisións con persoas tuteladas. Proposta: Desenvolver actuación formativa de maneira conxunta co Comité de ética de Aspronaga. Que implicacións éticas trae consigo o cambio normativo?

02 | Acción formativa concreta

Formación específica sobre a metodoloxía deliberativa.

03 | Acción formativa concreta

Actuacións éticas con persoas con necesidades e maiores que non queren axuda nin abandonar o seu domicilio.

04| Acción formativa concreta

Actuacións éticas e intervención con persoas estranxeiras ou/e en risco de exclusión social

05| Acción formativa concreta

A ética na atención integral e centrada na persoa.

06| Acción formativa concreta

Estratexias éticas no seguimento e avaliación na intervención social.

01| Outras accións

Elaboración dun vídeo de presentación do CEIS para dar maior visibilidade ao comité entre os concellos e entidades do territorio.

02| Outras accións

Creación dunha rede social propia do CEIS na que poder ir subindo contidos relacionados tanto coa traxectoria e actividades do CEIS, como coa ética na intervención social, en xeral.

03| Outras accións

Realización dunha xornada para avaliar a contribución do CEIS na mellora da dimensión ética na intervención social. Neste sentido, na xornada podería utilizarse algunha dinámica grupal como o world café ou o focus group para realizar a análise a través do diálogo colaborativo, maximizando os tempos de traballo.

04| Outras accións

Formación monográfica da ética na intervención social. Cada ano podería realizarse unha formación monográfica para as profesionais do CEIS centrada nun ámbito diferente: infancia e adolescencia; discapacidade e saúde mental, envellecemento, etc.



6_ACTIVIDADES DO COMITÉ

Consultas recibidas

Ao longo do ano 2023 non se recibiron consultas. É preciso realizar un importante labor de difusión da cultura ética e do Comité entre o persoal técnico dos servizos sociais do Consorcio.



Actividades desenvolvidas ao longo do ano 2023.

Ata a celebración da primeira sesión ordinaria, o comité continuou cos cargos de presidencia e secretaría en funcións. Dende esa data as actividades desenvolvidas foron as seguintes:

01

24/02/23: celebración da 1ª reunión ordinaria do CEIS do ano 2023.

Nesta reunión procédese á renovación dos cargos do Comité. Tamén se acorda revisar os grupos de traballo existentes e valorar a necesidade de modificalos, suprimindo os que non sexan operativos ou creando algún novo se se considera necesario.

02

09/03/23: Xuntanza entre as persoas que ostentaban a presidencia e a secretaría dende 2019 e as que asumiron eses cargos actualmente.

03

23/03/23: Xuntanza das novas presidenta e secretaria.

Solicitada reunión da nova presidenta e secretaria acórdase coa coordinación do Plan Coordinador de Servizos Sociais do Consorcio As Mariñas aprazala ata o remate do proceso electoral municipal.

Enviase unha carta de presentación a todas as persoas membros do comité.

04

21/04/23: celebración da 2ª reunión ordinaria do CEIS do ano 2023.

Nesta reunión establécense como liñas prioritarias de acción do CEIS nesta nova etapa o reforzo da estratexia comunicativa do Comité e a formación das persoas que o integran.

Establecemento das propostas de actuación 2023.

Aprobación do novo cartaz do CEIS.

Creación dos novos grupos de traballo:

- Grupo de comunicación: mantense. Membros do mesmo: Marta Piñeiro, Lorena, Mónica Mourín.
- Grupo de traballo de elaboración de recomendacións: a intervención dos servizos sociais ante demandas de terceiras persoas: Continúa o grupo. Membros: Mercedes García, Teresa Etchevers, M^a Xesús Abeal.
- Grupo de recomendacións éticas en relación ao recoñecemento da situación de dependencia: mantense. Membros: Teresa Molares, M^a Xesús Abeal.
- Grupo de traballo para a revisión do documento “Desenvolvemento normativo de funcionamento interno”: mantense. Membros: Teresa Guerra, Marisa Vázquez.
- Grupo de xestión do proceso avaliativo: creación deste novo grupo. Membros: Ana Paula Suárez, Romina Galán, Isabel Amigo e Marta Piñeiro.

05

11/05/23: Asistencia da presidenta do CEIS ao Acto de Inauguración Oficial del Congreso de la Asoc.Esp. de Trabajo Social y Salud - I Encuentro Hispano-Luso de Trabajo Social Sanitario no Paraninfo do Rectorado da Universidade da Coruña o día 11 de maio ás 18.00h. Invitación recibida por parte da entidade organizadora.

06

27/05/23: Estaba prevista a participación na mesa redonda formada por entidades do terceiro sector dentro das Xornadas sobre a importancia da ética na acción socioeducativa organizadas polo CEESG os días 26 e 27 de maio en Santiago de Compostela.Finalmente non se puido realizar porque o acto foi anulado polo CEESG.

07

09/06/23: celebración da 3ª reunión ordinaria do CEIS do ano 2023.

08

22/09/23: celebración da 4ª reunión ordinaria do CEIS do ano 2023.

09

24/10/23: 1ª sesión de traballo de casos para o adestramento do método deliberativo.

10

09/11/23: reunión da presidenta e a secretaria do CEIS coa responsable técnica do Plan Coordinador de Servizos Sociais do Consorcio As Mariñas, coa seguinte orde do día:

- Proceso de cobertura das 4 vacantes do Comité.
- Información actualizada sobre os grupos de traballo do Comité e propostas de actuación.
- Publicar na páxina web do Consorcio as memorias do Comité.
- Presentación do CEIS As Mariñas aos servizos sociais do Concello da Coruña (cuestión xa pendente do ano anterior).
- Divulgación da existencia do Comité co gabinete de prensa do Consorcio.
- Incluír ao CEIS no encontro anual de servizos sociais que se celebra no Pazo de Mariñán.
- Realización de accións formativas dirixidas ás persoas integrantes do Comité e ás/aos profesionais dos servizos sociais do ámbito de actuación do Consorcio.

11

10/11/23: 2ª sesión de traballo de casos para o adestramento do método deliberativo.

12

17/11/23: celebración da 5ª reunión ordinaria do CEIS do ano 2023.

7_Actividades pendentas para o ano 2024

Houbo unha serie de actuacións programadas para o ano 2023, que sen embargo non se levaron a cabo, considerándose fundamentais, polo que se inclúen nesta memoria como actividades pendentas a desenvolver no ano 2024.





Presentación dos novos órganos unipersoais do CEIS á parte política do Consorcio tras as eleccións municipais e o nomeamento dos responsables políticos do Consorcio e do Plan Coordinador.

Presentación da memoria do CEIS 2022 e agora tamén do 2023.


Cobertura das 4 prazas vacantes do CEIS

Presentación do CEIS As Mariñas aos servizos sociais do Concello da Coruña.

Realización de accións formativas dirixidas ás persoas integrantes do Comité e ás/aos profesionais dos servizos sociais do ámbito de actuación do Consorcio

8_Grupos de traballo

O ano 2023 iniciouse coa continuación dos grupos xa existentes. upo de traballo de Comunicación. Con todo, na sesión ordinaria de xuño o pleno do Comité decide que o Grupo de elaboración de recomendacións éticas en relación ao recoñecemento da situación de dependencia non está funcionando e decídense reconvertelo nun grupo que se encargue de operativizar as deliberacións e o adestramento no método deliberativo, co obxecto tamén de que se poidan obter unha serie de conclusións que permitan realizar recomendacións éticas concretas. Polo que os grupos finalmente quedaron constituídos do seguinte xeito:



8.1 GRUPO DE COMUNICACIÓN

ACCIONES REALIZADAS

1.- Continuar coa presentación do CEIS ás entidades implicadas na intervención social do territorio.

Logo de analizar a xornada “Étic-App Aplicación da ética na intervención social” realizada a finais do ano 2022 detéctase que as persoas asistentes foron na súa meirande parte as que ostentan cargos de representación nas ditas entidades e quedando fora o persoal que está en contacto continuado coas persoas usuarias.

Propónse polo anterior, que as persoas destinatarias das xornadas a celebrar este ano sexan unicamente as que realizan atención directa. Dada a diversidade dos perfís profesionais, fórmulase unha xornada dinámica, con presentacións de casos prácticos e espazos de reflexión que promovan a cultura ética.

Do mesmo xeito, tendo en conta o gran número de entidades presentes no territorio do Consorcio As Mariñas, propónse que as xornadas se clasifiquen por ámbito de actuación; discapacidade, persoas maiores... As xornadas serían deseñadas polo grupo de comunicación e impartidas polos membros do CEIS

2.- Presentación á comunidade.

Propónse o deseño dunha infografía que de forma sinxela e vistosa explique que é o CEIS e como realizar unha consulta. Estes dípticos ou formato similar, distribuíríanse nos edificios públicos de cada Concello. Vólvese a formular e xorden moitas ideas en relación á “Campaña de sensibilización audiovisual (Acordo recollido na acta do 22/04/2022 de reunión ordinaria do Comité e pautas marcadas na reunión cos representantes do Consorcio o día 29/04/2022). “O Consorcio pon a disposición do Comité o seu Gabinete de Comunicación para divulgar a ética entre os/as profesionais dos servizos sociais.

A partir da idea inicial do Comité, fórmulanse algunhas propostas, entre elas a realización dunha campaña de sensibilización, comezando por seis palabras ou valores clave desde o punto de vista ético, en formato audiovisual de curta duración (1 min.). O Comité encargaríase dos guións.

As cuestións técnicas correrían a cargo do Gabinete de Comunicación e as voces e os rostros poderían ser das persoas do Comité ou doutras persoas coñecidas dentro do territorio do Consorcio.” Queda pendente o desenvolvemento destas ideas (vídeos con contido de reflexión ética, Tik Tok, entrevistas na rúa...) da confirmación de dispoñibilidade de canle de difusión.

ACCIÓN REALIZADAS

3.- Difusión de contidos do CEIS a través das redes sociais do Consorcio das Mariñas.

Publicación de contidos específicos de difusión do CEIS e outros relacionados coa ética na intervención social a través das redes sociais do Consorcio das Mariñas.

4.- Presentación do CEIS aos Colexios Oficiais

Acórdase adiar esta acción por valorar como prioritarias as descritas nos anteriores apartados.

5.- Deseño de xornadas formativas e de divulgación do CEIS orientadas a persoal técnico e persoal de atención directa das entidades sociais da comarca.

A metodoloxía principal a seguir nas xornadas será a de propoñer un caso práctico, ao redor do que xire a xornada formativa, abrindo un espazo para ofrecer dende o Comité pautas éticas ao persoal das entidades a través do método deliberativo abreviado.

Dado que as xornadas irán orientadas a distintos ámbitos de actuación, acórdase que cada profesional do grupo de comunicación reflexione durante este tempo sobre un caso concreto, acorde co seu coñecemento laboral, do seguinte xeito:

- Ana Bruquetas: Caso práctico sobre discapacidade.
- Lorena González: Caso práctico sobre dependencia.
- Mónica Mourín: Caso práctico sobre inclusión - familias.
- Marta Piñeiro: Caso práctico sobre muller - igualdade.

6.- Deseño de material divulgativo do CEIS para a súa presentación á comunidade.

Co obxectivo de poder difundir o CEIS tamén entre a cidadanía, propónse utilizar a ferramenta de deseño e audiovisual CANVA para crear unha infografía sinxela e atractiva sobre o que é o CEIS e de cómo realizar as consultas.

7.- Difusión de contidos do CEIS a través das redes sociais do Consorcio das Mariñas.

Adiase o desenvolvemento desta acción, ata que se celebre a reunión prevista entre a Presidencia e Secretaría do CEIS coa dirección do Consorcio As Mariñas.

8.2_GRUPO DE REVISIÓN DO DOCUMENTO: DESENVOLVEMENTO NORMATIVO DE FUNCIONAMENTO INTERNO

ACCIÓNS REALIZADAS


1.- Actualización do regulamento de funcionamento interno.

O grupo de traballo sobre o Desenvolvemento normativo de funcionamento interno do CEIS As Mariñas está a revisar polo miúdo os textos que na actualidade regulan o CEIS co fin de actualizalos.

Isto implica partir da experiencia vivida dende a creación do CEIS As Mariñas aplicando dito regulamento e ademais, revisar a normativa doutros comités e incluír as últimas modificacións lexislativas.

É un traballo minucioso que implica o estudo e o diálogo entre as persoas do propio grupo, a realización de consultas e a resolución das dúbidas que xorden.

Finalmente o grupo presentará e argumentará todas as propostas e modificacións ao pleno do Comité para a súa aprobación, se así se considera.



8.3_GRUPO DE ELABORACIÓN DE RECOMENDACIONES: A INTERVENCIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS ANTE A DEMANDA DE TERCEIROS

ACCÍONS REALIZADAS

1.- Actualización do regulamento de funcionamento interno.

No primeiro semestre de 2023, rematou o prazo de achega dos protocolos de recollida das demandas realizadas por terceiras persoas nos servizos sociais dos concellos do territorio consorcio.

Este protocolo é unha ferramenta elaborada previamente polo grupo para sistematizar esta recollida de datos.

En xuño e xullo mantivéronse reunións presenciais có obxectivo de estudar os datos deses protocolos, analizalos e extraer as conclusións para elaborar as recomendacións anteditas.

En outubro elabórase un informe previo onde se resume o traballo do grupo desde o seu inicio ata a esta última fase de análise.

Exponse ao Pleno do Comité na reunión ordinaria de novembro, na que se establece un prazo de achegas sobre as conclusións incluídas neste informe, e que darán lugar ao o documento final de recomendacións, que despois trasladarase ao CEIS para a súa difusión.

RECOMENDACIONES ÉTICAS PARA A ATENCIÓN ÁS DEMANDAS DE ACTUACIÓN POR PARTE DOS SERVIZOS SOCIAIS REALIZADAS POR TERCEIRAS PERSOAS.

"Terceiras persoas son aquelas, que, sen ter parte nuns determinados feitos, nin ter capacidade de tomar decisións respecto deles, veñen a poñelos en coñecemento da administración pública por medo a que se trate dunha situación de risco para unha persoa, familia ou grupo de persoas, que sendo as protagonistas do relato, permanecen alías a esta comunicación"

■ FUNDAMENTACIÓN:

O Comité de Ética de Intervención Social As Mariñas ten entre as súas finalidades elaborar e promover protocolos de actuación, recomendacións, informes e códigos de boas prácticas profesionais.

As demandas de terceiras persoas están a crecer día a día nos servizos sociais comunitarios. Son consideradas polas/os profesionais do traballo social como veradoras de máis dilemas éticos, polo que no Comité acordábase crear un grupo de traballo có obxectivo de achegar aos equipos dos servizos sociais comunitarios do Consorcio As Mariñas unha serie de recomendacións que faciliten unha intervención social axeitada, urgente, ou programada cando proceda, e/ou facer unha derivación segura ante estas demandas.

■ METODOLOXÍA

· Elaboración dun documento de recollida da demanda real de terceiras persoas, calendarizada, para todos os concellos que conforman o Consorcio As Mariñas para unha posterior análise. Este documento pretende ser unha ferramenta que ademais de facilitar información para o estudo, axude na valoración nos propios equipos a:

- Distinguir entre opinións e feitos.
- Establecer a competencia da súa organización no asunto comunicado.
- Dilucidar cando non procede intervir, senón que cómpre derivar.
- No caso de requirir intervención, valorar se debe ser ou non inmediata.

8.4 GRUPO DE XESTIÓN DO PROCESO AVALIATIVO

ACCIÓN REALIZADA

Organización, obxectivos e metodoloxía de traballo do grupo de Xestión CEIS As Mariñas.

Realízase unha revisión de documentación sobre o estado e desenvolvemento dos Comités de Ética, identificando a “Síndrome de atraso no crecemento” a partir dunha serie de indicadores que determina a evolución dos comités de ética en xeral. Valórase a posibilidade de aplicar estes indicadores ao CEIS As Mariñas, co obxectivo de mellorar e promocionar o seu desenvolvemento. Estes indicadores serían:

- Relevancia e coñecemento do comité.
- Grao de participación.
- Finalidade e utilidade.
- Burocracia.
- Función educativa e de realización de protocolos.

Exponse trasladar ao comité esta información establecendo unha serie de medidas iniciais que nos axuden a coñecer a situación do CEIS As Mariñas conforme a estes indicadores. Proponse como medidas a curto prazo:

- Revisión inicial das actas para coñecer o absentismo ás reunións do comité.
- Enquisa a profesionais de servizos sociais para coñecer a percepción da relevancia, utilidade e coñecemento do comité

A longo prazo exponse:

- Valorar a posibilidade de abrir o comité a cuestións de asesoramento puntual a profesionais.
- Formulación de formación dentro do comité e desde o comité cara ao exterior.

Enquisas de avaliación

Elaboración e debate das enquisas de avaliación da actividade do CEIS As Mariñas dirixidos a:

- Profesionais do comité
- Persoal dos servizos sociais
- Persoal das entidades sociais

8.5_GRUPO DE DELIBERACIÓN E ADESTRAMENTO NO MÉTODO DELIBERATIVO

ACCÍONS REALIZADAS

Creación dun novo grupo de traballo.

No ano 2023 foi creado, dentro do funcionamento do CEIS, un novo grupo de traballo que foi denominado “Grupo de deliberación e adestramento no metodo delibarativo” coa finalidade de poder seguir practicando e traballando no metodo deliberativo sobre casos reais xa traballados anteriormente ou ben, sobre casos inventados pero susceptibles de ser levados ao comité.

A creación de este grupo se estimou interasante para ter unha visión practica no traballo de casos en tanto non teñan entrada consultas sobre casos reais e de este xeito poder ter unha práctica continua do método deliberativo.


En base a isto, o grupo presentou a exposición dun caso que foi tratado en dúas sesións de traballo polas membros do comité, sinalándose a primeira sesión o día 24 de outubro de 2023 e a segunda sesión o día 10 de novembro de 2023, co resultado que consta nas correspondentes actas.



9_ PRESENZA DO CEIS NA WEB

Ao longo do ano 2023 continuou aberta a xanela virtual do CEIS As Mariñas na páxina web do Consorcio As Mariñas.

- A través da mesma pódese obter información sobre o Comité e acceder ao formulario para a presentación de consultas.
- É preciso mellorar a visibilidade do CEIS na Web do Consorcio As Mariñas.



10_ ENCONTRO SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

O encontro de servizos sociais contou coa presenza da ética na intervención social.

O Pazo de Mariñán acolleu o 27 de outubro o **X Encontro dos Servizos Sociais Comunitarios** organizado polo Plan Coordinador de Servizos Sociais do Consorcio As Mariñas. Persoal técnico e responsables políticos dos Servizos Sociais da Deputación, do Consorcio As Mariñas e dos oito concellos que o integran, así como de concellos limítrofes, compartiron unha xornada de reflexión e aprendizaxe sobre a situación actual dos servizos sociais, dos cambios que se están a producir e dos retos de futuro.

Os relatorios da mañá comezaron coa profesora Carmina Puig, profesora da Universitat Rovira i Virgili de Tarragona, que na ponencia "A supervisión: un instrumento para a calidade da intervención social e o autocuidado profesional". A segunda ponencia correu a cargo de Ricardo Fandiño, psicólogo especialista en Psicoloxía Clínica, que abordou suicidio e adolescencia.

Xa xornada de tarde realizáronse diferentes obradoiros formativos. Destacamos que este ano introduciuse un obradoiro específico relacionado co **ámbito da ética: "Novos modelos de toma de decisións para persoas en situación de incapacidade"** a cargo do profesor José Antonio Seoane.

Na sesións abordouse desde o punto de vista ético a última reforma legal que eliminou a incapacitación xudicial das persoas con discapacidade, establecendo no seu lugar, medidas de apoio específicas, a fin de que poidan exercer a súa capacidade xurídica.



11_Conclusións

Considérase que foi positiva a renovación do Comité, aínda que foi un proceso complicado e longo. Valórase de xeito positivo o apoio do Consorcio ao CEIS.

É preciso dinamizar o labor do Comité para acadar os obxectivos propostos, a través dunha maior colaboración cos responsables do Plan Coordinador do Consorcio e cun maior traballo por parte de todas as compoñentes do Comité.



Reunión ordinaria do Comité de Ética en Intervención Social As Mariñas, 07/11/2023. Avanzamos na inclusión da perspectiva ética no traballo dos servizos sociais e na visibilidade do propio Comité na sociedade.

***Grazas polo voso apoio e esforzo na loita
pola cultura da ética na intervención social***



Lugar de Bos. Naves O Carballal,
4.15640 Guísamo – Bergondo
(A Coruña)
Tlfno.: 981 784 704
ceisasmariñas@consorcioam.org